



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



agader  
AXENCIA GALEGA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE AGRICULTURA Y PESCA,  
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fondo Europeo Agrícola  
de Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural

Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural  
Comarca de Ourense (ADERCOU)  
Camiño O Potón nº 5 A  
32890 Barbadás  
Ourense

**Asunto:** Remisión da copia da resolución pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Achégase copia da resolución citada no encabezamento, referida á aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como das limitacións sectoriais, correspondente á Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR “Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense (ADERCOU)”, seleccionada polo Acordo do Conselle de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader  
(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

galicia



*Presidente do GDR 11 "Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense"*

*Camiño O Pontón, nº 5 A*

*32890 Barbadás.*

**RESOLUCIÓN** pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titular da Dirección xeral de Agader a aprobación definitiva desas normas de xestión, condicionando a selección das estratexias de desenvolvemento local a esta aprobación definitiva.

Tendo en conta a necesidade de concreción e obxectivación dos diferentes criterios que servirán para seleccionar, valorar e priorizar os proxectos, e unha vez concretados entre Agader e o GDR, as limitacións sectoriais, criterios de selección e priorización de proxectos reflectidos nos parágrafos anteriores, a xunta directiva do GDR procede á aprobación dos mesmos mediante o Acordo do 13 de xaneiro de 2017. A versión consolidada dos mesmos xúntase a esta resolución como anexo I.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítese esta RESOLUCIÓN pola que se aproban as normas de xestión da estratexia que figuran como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.



## ANEXO I

### PARTE V NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

As normas para a selección, baremación e priorización dos proxectos están descritas nos baremos que presentamos de seguido, pero en todo caso os proxectos presentados deberán recibir a aprobación por parte de Agader.

Requisitos de subvencionabilidade dos proxectos:

1. Viabilidade: ser viable técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos
2. Adecuación do proxecto á estratexia de Desenvolvemento local definitiva
3. Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
4. Ser finalista: que na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables se cumpran os obxetivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúa unha actividade finalista.

#### Limitacións sectoriais:

Atendendo ás Bases Reguladoras publicadas no DOG o día 2 de marzo de 2016 por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) establece que a especificación das limitacións sectoriais concretas por razóns de complementariedade e de coherencia con outros investimentos públicos que incidan sobre o territorio serán establecidas no réxime de Axudas.

Non obstante, o GDR deberá ter en conta as seguintes limitacións:

1. Para o investimento en establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería rexerá o convenio de colaboración que se asine entre Agader e a Axencia de Turismo de Galicia para o Leader 2014/2020.
2. Investimentos no sector das enerxías renovables: quedan excluídos de financiamento a través da medida leader da Galicia 2014/2020 calquera tipo de investimento en enerxías renovables para a venda á rede.
3. En investimentos que consistan en actividades económicas do sector servizos (talleres, tintorerías, lavanderías, clínicas, tanatorios, asesorías, perruquerías, despachos profesionais e calquera outra actividade económica (proxectos produtivos) será subvencionable en todos os nucleos(entidade singular) cando non exista a dita actividade e de existir, será subvencionable en nucleos con menos de 2000 habitantes, en nucleos con máis ou igual a



2000 habitantes estarán condicionados á creación de 0,5 UTAS. A modernización e ampliación será subvencionable en todo o territorio elexible do gdr11.

4. En investimentos no sector comercio polo miúdo serán subvencionables en todos os núcleos (entidade singular) cando non exista a dita actividade e de existir será subvencionable en núcleos con menos de 2000 habitantes, en núcleos con máis ou igual a 2000 habitantes estarán condicionados a creación de 0,5 UTAS. A modernización e ampliación será subvencionable en todo o territorio elexible do GDR11.
5. En canto a non existencia do servizo ou activiadde deberá o promotor presentar un informe do Concello ou organismo competente en conformidade.
6. Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento a través da medida leader de Galicia 2014/2020.
7. Investimentos en Centros Sociais, só serán subvencionables locais novos nos núcleos onde non conten con el. A modernización, ampliación mellora e adaptación destes centros serán subvencionables en todo o territorio, tendo en conta que a contía máxima non será superior a 50.000€. Por parte do promotor deberá achegar un documento en conforme ese núcleo non conta con local social, a través dun informe de Alcalde ou certificado Secretario.



## **BAREMO**

Para que un proxecto poida ser baremado e subvencionado deberá responder aos seguintes criterios de subvencionalidade:

- ◆ Caracter innovador, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos do territorio.
- ◆ Viabilidade: o proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.
- ◆ Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.

O baremo que se pretende aplicar no GDR11 será o seguinte:

<b>TIPO DE PROXECTOS</b>	<b>LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA</b>
PRODUCTIVOS	MÍNIMO 30% E MÁXIMO 50% (* os investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais máximo 40% atendendo réximen de axudas). Puntuación de corte 25 pts. Máxima 65 puntos.
NON PRODUCTIVOS	MÍNIMO 40% PRIORIDADE ALTA 90% PRIORIDADE MEDIA 70% PRIORIDADE BAIXA 50% Puntuación de corte 25 pts.máxima 65 puntos.

### PRODUCTIVOS

<b>1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA</b>	<b>40 PUNTOS</b>
1.1 Características económicas do Concello. Renda familiar dispoñible percapita 2009.	10pts.
* Concellos con unha % entre igual ou maior de 60 ata ou igual a 80%	10
* Concellos con unha % maior de 80 % ata ou igual a 100%	7
* Concellos con unha % de máis de 100%	3
1.2 Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. Taxa de envellecemento 2014.	15 pts
* Concellos con unha % entre máis ou igual a 30 % ata 50%	15
* Concellos con unha % entre menos de 30 % ata ou igual a 20%	10
* Concellos con menos ou igual a 19%	5
1.3 Características poboacionais da parroquia onde se localice o proxecto datos 2014.	10 pts
* poboación de 0 a 500 habitantes	10



* poboación entre 501 a 2.500 habitantes	8
* poboación entre 2500 a 10.000 habitantes	2
1.4 Outros criterios xeográficos	5 Ptos
* Proxectos situados en concellos que contén con Espazos naturais Protexidos Rede Natura	2
* Zonas desfavorecidas (Despoblamento ou de Montaña) atendendo á tipoloxía da Consellería de Medio Rural	3
<b>2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR</b>	<b>10 PUNTOS</b>
2.1 Proxectos presentados por Microempresas	8
2.2 Proxectos presentados por pequenas empresas (quedan excluídas as microempresas dado que xa están baremadas no apartado 2.1)	4
2,3 Proxectos onde os promotores sexan persoas con discapacidade ou persoas xurídicas no que polo menos 1 socio sexa unha persoa discapacitada.	1
2,4 onde o promotor sexa Muller ou onde algún socio sexa unha muller.	1
<b>3. INCIDENCIA DO EMPREGO</b>	<b>25 PUNTOS</b>
3.1 Creación de 0,5 a 1 emprego	10
3,2 Creación de 1,5 emprego ata 2	15
3,3 Creación de máis de 2,5 empregos ata 3	20
3,4 Creación de máis de 3 empregos	25
<b>4. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>25 PUNTOS</b>
4,1 a) Proxectos que leven enerxías renovables ou mellora eficiencia enerxética nun mínimo do 10% (deberán ser xustificadas no proxecto por técnicos competentes)	6
4,1 b) Mellora medioambiental a través de actuacións que repercutan na posta en valor de recursos naturais, etnográficos e patrimoniais.	4
4.2 Localización proxecto:	10
* situados en Polígonos	5
* Investimento fóra de polígonos	10
4.3 Utilización de TIC 'S	10
<b>TOTAL</b>	<b>100 PUNTOS</b>
<b>NOTA DE CORTE PARA PROXECTOS PRODUTIVOS 25 PUNTOS</b>	
<b>FINANCIAMENTO 30%</b>	
<b>IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA 200.000 €</b>	



## BAREMO

TIPO DE PROXECTOS	LIMITE DE AXUDA PÚBLICA
PRODUTIVOS	MÍNIMO 30% E MÁXIMO 50% Puntuación mínima 25 máxima 65
NON PRODUTIVOS	MÍNIMO 40% PRIORIDADE ALTA 90% PRIORIDADE MEDIA 70% PRIORIDADE BAIXA 50% Puntuación mínima 25 puntos máxima 65 puntos.

### NON PRODUTIVOS

<b>1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA</b>	<b>40 PUNTOS</b>
1.1 Características económicas do Concello. Renda familiar dispoñible percapita 2009.	10pts.
* Concellos con unha % entre igual ou maior de 60 ata ou igual a 80%	10
* Concellos con unha % maior de 80 % ata ou igual a 100%	7
* Concellos con unha % de igual ou máis de 100%	3
1.2 Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. Taxa de envellecemento 2014.	15 pts
* Concellos con unha % entre máis ou igual a 30 % ata 50%	15
* Concellos con unha % entre menos de 30 % ata ou igual a 20%	10
* Concellos con menos ou igual a 19%	5
1.3 Características poboacionais da parroquia onde se localice o proxecto datos 2014.	10 pts
* poboación de 0 a 500 habitantes	10
* poboación entre 501 a 2.500 habitantes	8
* poboación entre 2500 a 10.000 habitantes	2
1.4 Outros criterios xeográficos	5 Ptos
* Proxectos situados en concellos que contén con Espazos naturais Protexidos Rede Natura	2
* Zonas desfavorecidas (Despoboamento ou de Montaña) atendendo á tipoloxía da Consellería de Medio Rural	3
<b>2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR</b>	<b>20 PUNTOS</b>
2.1 Atendendo ao Tipo de Entidade	15
* Entidade pública (concellos, Mancomunidades, Consorcios, etc)	10



* Entidade Privada	10
<b>*Entidade cuxo obxecto social estea referido fundamentalmente a colectivos desfavorecidos ou de integración.</b>	5
2.2 Poboación que se beneficie atendendo ao plan de Xestión presentado polo promotor	5
* Territorio GDR (máis de un Concello)	5
* Concello	3
* Parroquia	2
<b>3. POTENCIALIDADE PARA FAVORECER O XURDIMENTO DE NOVAS INICIATIVAS E CREACIÓN DE EMPREGO</b>	<b>10 PUNTOS</b>
3.1 Se non existe ese servizo ou actuación de igual características no núcleo	8
3.2 se crea emprego	2
3.3 se non crea emprego	0
<b>4. INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL</b>	<b>30 PUNTOS</b>
4,1 a) Proxectos que leven enerxías renovables ou mellora eficiencia enerxética nun mínimo de 10% (deberán ser xustificados no proxecto por técnicos competentes)	6
4,1 b) Mellora medioambiental a través de actuacións que repercutan na posta en marcha de recursos naturais, etnográficos e patrimoniais.	4
4.2 Localización do proxecto	10
* Situados en Polígonos	5
* Investimentos fóra de polígonos	10
<b>4.3 utilización de TIC'S</b>	<b>10 PUNTOS</b>
TOTAL	100
<p>NOTA DE CORTE 25 PUNTOS FINANCIAMENTO 40%</p> <p>FINANCIAMENTO PRIORIDADE ALTA 90%</p> <p>FINANCIAMENTO PRORIDADE MEDIA 70%</p> <p>FINANCIAMENTO PRIORIDADE BAIXA 50%</p> <p>IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA 200.000 €</p>	

*Os proxectos non produtivos de prioridade alta refírense a:*

- *Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).*
- *Puntos de atención á infancia ou actuacións que favorezan a convivencia familiar.*
- *Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa intensidade de poboación.*
- *Implantación de TIC no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática e plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.*
- *Servizos e actuacións que teñan como obxecto principal potenciar o termalismo*





*Os proxectos non produtivos de prioridade media refírense a:*

- *Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica , tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.*
- *Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.*
- *Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.*
- *Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.*

*Os outros proxectos non produtivos refírense a:*

- *Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.*
- *Sinalización de recursos turísticos.*
- *Outros.*

**(\*Para a baremación de proxectos produtivos e non produtivos, terase en conta as pautas e limitacións marcadas no Reximen de Axudas publicado por Agader.)**

***Unha vez baremados os proxectos, as pautas de selección rexeranse primeiramente pola puntuación acadada, en caso de empate polo nº de empregos creados con esta subvención e por último, se seguen encontrándose proxectos en igual condicións, rexeranse pola data de rexistro.***

